

O retroceso na lingua podería afectar

O libro galego leva catro anos circulando por feiras internacionais, consolidándose a través da nova Lei do Libro e a Lectura e tecendo unha rede cada vez máis densa entre os diversos axentes. Que acontece co cambio de goberno? Un retroceso na lingua podería afectarlle gravemente a esta industria cultural

Lara Rozados

N febreiro deste ano, a Consellaría de Cultura e Deporte anunciou que destinaría 9,6 millóns de euros á promoción do libro para o 2009, logo dunha xuntanza do Consello Asesor do Libro. Tiña especial peso o investimento en bibliotecas (5 millóns e medio, dos que 3 e medio fan destinados á adquisición de fondos). Tamén se fan destinar millón e medio á promoción da edición do libro en galego e 1.422.000 euros e outro tanto á promoción da lectura.

De feito, un dos principais obxectivos do bipartito en materia de fomento do hábito lector forá situar as bibliotecas como motor, axente cultural e servizo público básico. A intención era tecer unha rede entre bibliotecas, librarias, editoriais e autores para dinamizar a lectura e facela presente no espazo público. Presentárase, tamén en febreiro deste ano, bo-rrador do anteproyecto da Lei de Bibliotecas e do Patrimonio Bibliográfico de Galiza.

Isabel Blanco Pardo, presidenta da Asociación de Arquivos, Bibliotecas, Museólogos e Documentalistas de Galicia, salienta que Galiza continúa cuns índices de lectura por debaixo da media estatal, e que, se ben nos últimos catro anos houbo un apoyo importante na adquisición de material, isto por si só non abonda: cómpre tamén persoal. "O goberno anterior realizou tamén un investimento importante en formación de persoal. Dérone moitos pasos de cara a construír un sistema bibliotecario sólido, pero agora estamos á expectativa de se o novo goberno vai recoller esta aposta polas bibliotecas".

As principais necesidades deste sector son a redacción e o desenvolvemento do Plan de Bibliotecas, "importantsísmo, especialmente nun contexto tan complexo coma o noso, en que a principal trabá é a dispersión da poboación. Precisamos un modelo moderno de bibliotecas". Para iso, a manutenza do Consello Asesor como órgano de debate é fundamental, malia haber pequenas discrepancias: "nós consideramos que a adquisición dos fondos de bibliotecas deben determinalos as propias bibliotecas, que son quem pode decidir en función dos usuarios. Fóra diso, é vital que non se rompa este organismo de debate e que non se dea marcha atrás no tocante á Lei. Foi un paso moi importante, e amais decidiuse por consentso". Blanco sinala tamén que, como asociación, pediron unha entrevista coa Consellaría de Cultura hai dous semanas. Ainda non obtiveron resposta, pero afírmanse "totalmente á disposición do diálogo".

LIBRO DE TEXTO, AXUDAS, PROXECIÓN EXTERIOR... Outra vía de acción do Consello Asesor do Libro (organismo nacido no 2007 logo da aprobación da Lei do Libro e a Lectura, que integraba asociacións de escritores, tradución, ilustración, edición, artes gráficas, distribuidoras, librarias, bibliotecas, e a Consellaría de Cultura) encamiñábase á garantía de poder contar con datos estadísticos más completos sobre a edición do libro e os hábitos de lectura en Galiza, e sobre o comercio interior do libro. De feito, a mediados deste inverno houbera certo conflito entre os datos achegados polo ISBN e polo INE. A



Roberto Varela, conselleiro de Cultura.

Asociación Galega de Editores presentou un Informe do Comercio Interior do Libro referido ao 2007, en que salientaban a suba da facturación e do número de exemplares editados, malia perder peso a edición en galego, tanto en títulos

publicados como exemplares es, catálogo e facturación. A dependencia do sector a respecto da literatura infantil e xuvenil e do libro de texto eran algunas das cíavas principais: o libro de texto, en concreto, supón un terzo da producción e

practicamente a metade da facturación.

"Agora mesmo estamos nunha situación de impasse", afirma Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores. "Termos solicitadas entrevistas coa >>>

Irle ao mundo editorial

ESTE NÚMERO

O sector considera
importantísimo
o desenvolvemento
do Plan de Bibliotecas"

O presidente dos editores
ve unha actitude favorábel
na Consellería"


Demostrouse a excesiva
dependencia da industria
do libro do ámbito escolar"

A promoción do libro
no exterior fora unha
das accións centrais
do anterior goberno"

>>> Consellería de Cultura,
pero si que vemos que hai, tanto
por parte do conselleiro (Roberto Varela), como do direc-
tor xeral (de Creación e Difusión Cultural, Francisco López Barxas), unha actitude moi fa-
vorábel".

O presidente da AGE expli-
ca que están a elaborar un doc-
umento que inclúe cales serían
as necesidades do sector, e
que solucions se poden con-
sensuar. Entre os temas lóxicos
de preocupación do gremio
editorial están os puntos pen-
dentes que quedaron por des-
envolver da Lei do Libro e a
Lectura, entre eles, a constitu-
ción das mesas do libro; por
outra parte, cómpte resituar o
Cultur.Gal, "que naceu na aso-
ciación na súa primeira edi-
ción, e o ano pasado foi capita-
lizado por Cultura"; tamén é
necesario asentar as bases do
que antes era a AGADIC, a
Axencia Galega de Industrias
Culturais, e, neste marco, defini-
r "de forma definitiva, as claves
do desenvolvemento do libro como
sector estratégico".

Outros temas fundamen-



Alfonso García Sanmartín, presidente da Asociación Galega de Editores. AGN

tais para a AGE son os relacio-
nados coas feiras internacio-
nais do libro, "como se orientan,
a cales se les vai dar priori-
dade...". O relacionado coa pro-
moción exterior do libro galego
fora un dos eixos centrais
das accións de apoio ao desen-
volvemento do sector editorial
do anterior goberno: a forte
presenza na XVII Feira do Li-
bro da Habana de Galiza como
cultura convidada, ou o paso
por Frankfurt, Guadalaxara e
Boloña serviron para darlle es-
pecial pulo e tender pontes.


Cómpre ter en conta tamén
unha serie de temas específicos
relacionados coa AGE, co-
mo o seu simposio anual 'O li-
bro e a lectura', ou os encon-
tros de escritores Galeusca, dos
que a AELG forma parte. E ou-
tros temas de vital importancia
que se lle van formular ao novo
goberno son os relacionados
coas axudas e co modelo de
emprestíto do libro de texto.
Na área das axudas, no relacio-
nado coa dotación de bibliote-

cas, por exemplo, o 50% do in-
vestimento realizao o Ministe-
rio de Cultura, e a outra metade
as comunidades autónomas, "pero é importante sa-
bemos con que criterios se
van realizar esas dotacións: pa-
ra nós é importante que as ad-
quisicións se fagan xusto no
momento en que se produce a
novedad editorial". No relacio-
nado co libro de texto, a
AGE apoia a gratuidade, pero
adverte da necesidade de que
os libros sexan propiedade do
alumnado, e de que a axuda se
tramite mediante cheques ás
familias, sempre en función da
renda, "por unha cuestión de
xustiza distributiva, especial-
mente na actual situación eco-
nómica".

DEPENDENCIA DO LIBRO DE TEXTO.

Xurxo Patiño, da libraría víguense Librouro e presidente da Federación de Libreiros de Galicia, sinala que desde este ámbi-
to tamén se atopan á expectativa, agardando a ver cales
son as directrices do novo go-
berno. Preocupanlle as men-
saxes negativas que se emitiron
"en particular, con respecto
á lingua", pero tamén sinala
que o momento é de toma de
contacto coa realidade. "Aínda
se nomeou o director xeral de
creación e difusión cultural a
semana pasada. Solicitamos xa
entrevistas, pero haberá que
agardar polas respostas".

Valora positivamente pun-
tos do programa electoral coma
a declaración do 2010 como
Ano da Lectura, e o relacionado
co sistema de empréstito. "No
estudo presentado pola AGE
demostrouse a excesiva e pre-
cupante dependencia da in-
dustria do libro do ámbito esco-
lar. Xa non só se trata do libro de
texto, senón tamén do material
de consulta e da literatura in-
fantil e xuvenil. Este mercado
está en certo modo cativo das
medidas que se tomen en ma-
teria de lingua e ensino. Por iso
é de vital importancia non vol-
ver atrás co decreto do galego
no ensino". Agarda que o mo-
delo de axuda directa en fun-
ción da renda para libros de tex-
to vaia alén dunha promesa
electoral: "sería unha redistribu-
ción más lóxica das axudas,
non prexudicaría a industria, e
tampouco suporía unha maior
carga económica para a Admi-
nistrazione. Amais, pedagoxicamente,
é mellor que o alumnado
dispona do material en pro-
piedade". Tamén se sente espe-
ranzado fronte ao nomeamento
de Anxo Lorenzo como se-
cretario xeral de Política Lin-
güística: "que escollan unha
persoa sensibilizada coa lingua
indica cando menos vontade
de rectificar".



Xurxo Patiño, presidente da Federación de Libreiros de Galicia PACO VILABARROS

O que prometeu o Partido Popular

No programa do Partido Po-
pular figuraba a vontade de
abrir as bibliotecas escolares
alén do horario lectivo, espe-
cialmente nas localidades e
barrios onde non exista bi-
blioteca municipal. Amais de
declararse o 2010 Ano da
Lectura en Galicia, fálase de
crear un Fondo Social para
realizar todos os anos unha
convocatoria pública dirixida
a subvencionar a adquisición
de libros de lectura e di-
namizar o sector do libro.

Outras medidas serán
campañas de animación,

incentivar o papel das librarías
como axentes activos, destinar
orzamentos específicos á adquisición de
material para bibliotecas, ga-
rantir a existencia dunha bi-
blioteca estatal en cada ci-
udad de máis de 75.000 ha-
bitantes, e municipal, co
apoyo da Xunta, en calquera
cidade ou vila de máis de
50.000 habitantes. Por últi-
mo, para solucionar os pro-
blemas relacionados co em-
prestíto do libro, refírese a
axudas directas a través do
cheque-libro.